

INFORME DE RENOVACIÓN DA ACREDITACIÓN

CICLO ACADÉMICO

2013/14 - 2017/18

ESCOLA INTERNACIONAL DE DOUTORAMENTO UNIVERSIDADE DE VIGO

1. DATOS DO PROGRAMA	
DENOMINACIÓN DO PROGRAMA	Programa de Doutoramento en Ciencias da Educación e do Comportamento
UNIVERSIDADE RESPONSABLE ADMINISTRATIVA	Universidade de Vigo
EN CASO DE PROGRAMAS INTERUNIVERSITARIOS, UNIVERSIDADE/S PARTICIPANTE/S	
CENTRO/ESCOLA RESPONSABLE	EIDO - Facultade de Ciencias da Educación (Campus de Ourense)
CENTRO/S PARTICIPANTES	
CÓDIGOS ISCED	Ciencias da Educación
CURSO DE IMPLANTACIÓN	2013-14
DATA ACREDITACIÓN EX ANTE (VERIFICACIÓN)	25/09/2013
DATA RENOVACIÓN ACREDITACIÓN	

2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO PROGRAMA

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO: O programa de doutoramento implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada e, no seu caso, nas súas respectivas modificacións.

1.1.- O programa mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina e dos avances científicos e tecnolóxicos. Os cambios introducidos no programa e que non se someteran a modificación non alteran o nivel 4 do MECES e permitiron a súa actualización de acordo cos requisitos da disciplina.

Aspectos a valorar:

- O perfil de egreso do programa mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito, tendo en conta os avances científicos e tecnolóxicos da disciplina.
- Imbricación do programa na estratexia de I+D+i da Universidade.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O perfil de egreso previsto mantén a súa actualidade, tendo en conta que tendemos á formación de doutores/as que contén coas competencias investigadoras nos campos das Ciencias da Educación e do Comportamento, completados con capacidade para continuar labores docentes e investigadoras en Universidades e outros centros de investigación, afondando no coñecemento das cuestións nas que se teñan especializado. Así mesmo espérase de outros doutores e doutoras, que exercen tarefas profesionais en outras entidades educativas e sociais, unha capacitación para desenvolver neses contextos, labores de reflexión-acción que permitan mellorar de xeito permanente as súas actuacións levadas a cabo nas respectivas institucións e empresas. No período analizado son seis as persoas que obtiveron o título de doutor/a, das que catro continúan en labores docentes e investigadoras, en Galicia ou Portugal, e dúas na práctica educativa no ámbito non universitario.

Habería que engadir dúas teses mais neste curso 2018-19, con autoría por parte de docentes con dilatada carreira investigadora. Polo tanto hai cinco teses novas, desde o ano en que se realizou o seguimento 2016-2017

Imbricación estratexia de I+D+i.

O programa de doutoramento xurdiu co propósito de atender a áreas de interese prioritario en Ciencias da Educación e do Comportamento, sumando esforzos dos grupos de investigación propios e incorporando investigadores/as de prestixio que completasen o noso labor.

Con estes supostos, tentamos abordar preocupacións actuais da comunidade científica, non só en Galicia, senón tamén no Norte de Portugal. Existía xa certa tradición na abordaxe destas temáticas, como se pon de manifesto nas teses defendidas durante este tempo, procedente de programas anteriores de doutoramento, nos que estaba implicado o profesorado do actual programa, e tamén ten longo percorrido a colaboración con investigadores/as e universidades destes territorios (a Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal) na realización de congresos e publicacións en ámbitos como a educación para a paz, a atención á diversidade, as novas tecnoloxías, a perspectiva de xénero en educación, a educación social no sistema educativo e outros relacionados coa educación transfronteiriza. No proceso de integración comunitaria, con múltiples consecuencias sociais e económicas, a educación xoga un papel fundamental. A colaboración mais sistemática, aos efectos do programa de doutoramento, consistía nas estadias de investigadoras pre e posdoutorais, con diversas publicacións conxuntas.

Con posterioridade á implantación do programa, a Universidade define a súa orientación estratéxica no campus de Ourense ao redor de seis áreas de especialización, co denominador común de Campus da Auga (Xestión da auga, Innovación social e educativa, medio ambiente, TIC, Turismo-patrimonio cultural e alimentación, aglutinadas en tres bloques temáticos: Auga, sustentabilidade e desenvolvemento). As nosas liñas de investigación encaixan neste marco, xa que boa parte destas temáticas estaban contempladas na nosa memoria de verificación, e ademais tense en conta o potencial da cooperación con outras entidades da Eurorrexión en que se enmarca o Campus da Auga.

O feito de enfocar o programa a ofrecer unha formación de calidade en investigación educativa e do comportamento, no marco da Eurorrexión Galicia –Norte de Portugal aséntase na colaboración con outros organismos e institucións públicas, en xeral, e con universidades portuguesas, en particular.

Os convenios (EPD8) asinados inicialmente con Colexios profesionais do ámbito da Educación e a Psicoloxía, coa SIPS e con centros superiores de educación de Portugal, permitiron ampliar vías de colaboración con estas entidades, facendo que o programa se sitúe no centro das miradas de moitos aspirantes a realizar o doutoramento, tanto de Galicia como de Portugal, con demanda incluso desde outros países latinoamericanos.

Os nosos/as investigadores/as manteñen relacións con numerosos grupos de investigación e redes tanto en España como no estranxeiro, como o demostra a gran cantidade de publicacións conxuntas. Estas relacións permiten amplas oportunidades de formación ao alumnado do programa de doutoramento tanto mediante a realización de estadías noutros centros, a realización de teses doutorais internacionais ou mediante a formación recibida a través de profesores/as visitantes.

1.2.- O programa dispón de mecanismos para garantir que o perfil de ingreso dos doutorandos é axeitado e o seu número é coherente coas características e a distribución das liñas de investigación do programa e o número de prazas ofertadas.

Aspectos a valorar:

- O perfil de ingreso dos doutorandos e o seu número é coherente coas características e a distribución das liñas de investigación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A formación proporcionada por este título, tal como se prevía, permite completar a formación inicial de mestres/as, psicólogos/as, pedagogos/as, psicopedagogos/as, educadores/as sociais, traballadores/as sociais e outros/as profesionais do ámbito educativo e socioeducativo, interesados/as na investigación psicosocioeducativa. Este Programa de Doutoramento permite especializar a estes profesionais para exercer de forma máis sistemática o seu labor nos distintos ámbitos do sistema educativo e socioeducativo: centros escolares de infantil, primaria e secundaria; equipos e servizos especializados de orientación educativa e psicopedagóxica; departamentos de orientación, equipos de orientación provinciais, centros de detección e tratamento das dificultades de aprendizaxe; área educativa e social de concellos, deputacións, entidades de educación social en todos os ámbitos de intervención; servizos sociais; centros de formación e recursos; centros públicos e privados de I+D+I; asesoramento a ANPAS e a outras asociacións específicas. Por outra parte, supón unha axuda especializada para aquelas persoas con necesidades especiais no campo da aprendizaxe, da autonomía persoal e social, e no apoio para a participación na comunidade, o lecer, e a vida colectiva en xeral.

En definitiva, este Programa de Doutoramento mantén o seu interese para profesionais e investigadores do ámbito educativo, social e do comportamento, con alta demanda, o que nos permite seleccionar os mellores expedientes, candidatos/as a desfrutar de bolsas de investigación (18% no curso 2015-16)

A especificidade deste Programa de Doutoramento, fronte a outros que podan ofertarse no ámbito da Educación, radica en contemplar de maneira interdisciplinar aspectos pedagóxicos, psicolóxicos e sociais, pensando nos perfís formativos previos de alumnado que cursa os graos de Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Social ou Traballo Social no campus de Ourense. Outros/as titulados/as que se interesan polo programa teñen formación similar e intereses comúns, o que enriquece o perfil de ingreso, ampliando as nosas expectativas iniciais. Os/as titulados/as de outros campus e universidades, particularmente de Portugal, complementan o perfil de ingreso previsto.

Analizado o perfil de ingreso, observamos que nas primeiras promocións o acceso maioritario era de titulados das licenciaturas sinaladas na memoria como mais recomendadas, e con 60 créditos de master. Nos anos seguintes foi aumentando considerablemente o acceso desde graos e mestrados, especialmente os impartidos na Facultade. Sen embargo non son os únicos demandantes, xa que o programa, como tiñamos previsto, atrae estudantes de licenciaturas, graos e mestrados, impartidos en Portugal, e incluso en países de Latinoamérica. (un doutorando provén de Cuba, e unha doutoranda de Chile). Destaca o curso 2016-17, cunha captación de estudantes de fóra da Uvigo, do 40%, pero en todos os cursos se producen ingresos de estudantes doutros países. Neste momento están matriculados 14 estudantes estranxeiros, e ademais xa

defenderon a súa tese outros tres. Como dato salientable, destaca o feito de que os doutorandos/as procedentes do exterior, non protagonizaron ningún abandono ao longo dos 5 anos.

Algunhas liñas de investigación corresponden a campos nos que a docencia universitaria e a investigación contan con poucos estímulos nos derradeiros anos, como é o caso da historia da educación. Sen embargo, sempre terán o seu papel no escenario das Ciencias da Educación, pola excelencia das súas achegas científicas. As outras liñas de investigación que gozan de maior recoñecemento social na conxuntura actual contan con plans de investigación repartidos de xeito bastante proporcional. As distintas liñas con enfoque socioeducativo e psicopedagóxico repártense os intereses do alumnado procedente tanto de universidades galegas como portuguesas e recentemente tamén de países latinoamericanos, como son os casos de México, Chile ou Cuba. O noso obxectivo debe orientarse tamén a captación de alumnado brasileiro debido a que, como acontece co portugués, as semellanzas lingüísticas son evidentes.

1.3.- O programa dispón de mecanismos axeitados de supervisión dos doutorandos/as e, se procede, das actividades formativas.

Aspectos a valorar:

- Os mecanismos de supervisión dos doutorandos son axeitados e correspóndese co establecido na memoria de verificación (asignación do titor e director de teses, control do documento de actividades do doutorando, valoración anual do plan de investigación, normativa de lectura de teses... e todos aqueles que a Comisión Académica do programa teña establecido).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A todas as persoas interesadas en cursar o programa de doutoramento, recoméndaselle entrar en contacto previamente co profesorado encargado da liña de investigación que lle interesa, para confirmar que os seus intereses se axustan ao programa e á devandita liña de investigación. Nese proceso, ou ben hai un compromiso de supervisión, ou pola contra recoméndaselle ir a outro programa no que se traballa mais especificamente o tema proposto.

Finalizado o período de matrícula e realizada a xornada de acollida, a Comisión Académica do programa, procede ao nomeamento de responsables de titorización e dirección das teses, atendendo ás liñas de investigación elixidas polos/as doutorandos/as e o profesorado do programa que asinou o compromiso de dirección. Despois de valorar toda a información obtida, asígnanse directores/as do programa, ou invítase a outro profesorado de prestixio a participar, encontrando especial colaboración en profesorado de centros de investigación portugueses, cuxa dispoñibilidade é maior ao non formar parte doutros programas de doutoramento e incorporarse ao noso como principal opción, limitándose a colaboracións mais ocasionais con universidades do seu país, no que o doutoramento ten un modelo organizativo diferente.

Todo o expediente de doutorandos/as xestiónase a través da Secretaría Virtual, na que anotan as actividades elixidas, que despois de ser aceptada a matrícula, proceden a realizalas e obter a certificación correspondente, para o seu posterior rexistro e aprobación por persoas autorizadas en cada caso (coordinador, servicios administrativos, persoas titoras, ou directores/as). Da participación nas actividades obrigatorias organizadas dentro do propio programa, recóllense sinaturas e en moitos casos textos elaborados polo/a propio/a doutorando/a, que acreditan a avaliación positiva, e mesmo poden dar pe a publicacións colectivas, en actas de cursos ou monografías en grupo. Ademais da asistencia, hai que destacar o alto nivel de motivación e participación nas actividades que requiren a elaboración, exposición e debate de traballos orixinais do propio alumnado do programa, xuntamente con doutores e doutoras de titulación recente e outros investigadores/as invitados/as.

Como actividade estrela recomendada, encóntrase un curso *on-line* deseñado polo servizo de Biblioteca, que require o estudo da metodoloxía de investigación analizada, e a resposta a un cuestionario de avaliación, que permite comprobar a formación adquirida. En ocasións este curso valida algún seminario de investigación ao que no pode asistir o destinatario, por atoparse lonxe, ou con algún outro impedimento para estar presente na sala de aula. Do mesmo modo temos procedido a sistemas de videoconferencia para facilitar a participación de estudantes que non se atopan en Galicia na data do curso.

O plan de investigación é debatido nese primeiro Seminario de Intercambio en que participan no primeiro ano, anterior á súa aprobación pola Comisión Académica. Anualmente, nas sucesivas sesións deste seminario dáse conta dos avances realizados.

Así mesmo, aproveitase o momento de inauguración e das conclusións, para resolver dubidas relativas ao proceso de presentación de teses, mencións internacionais, compendio de artigos, cambio de dedicación de total a parcial, posibles baixas por razóns persoais ou laborais, etc.

A Escola Internacional de Doutoramento da Universidade de Vigo fixo no curso 2018/19 a primeira xornada de acollida de estudantes de doutoramento, e que pode visionarse no enderezo <https://tv.uvigo.es/series/5ca1f0e68f4208961ec06285>.

1.4.- Garántese unha adecuada coordinación no caso dos programas interuniversitarios e as colaboracións previstas na memoria desenvóléronse adecuadamente.

Aspectos a valorar:

- O funcionamento dos mecanismos de coordinación entre as universidades que imparten o programa.
- Repercusión no programa das colaboracións con outras institucións, organismos ou centros, se se acadou o obxectivo establecido nas ditas colaboracións.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Non procede.

1.5.- A institución dá resposta ás posibles recomendacións realizadas no Informe de verificación e no seu caso nos posibles informes de modificacións, así como ás que puideran conter os sucesivos informes de seguimento.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No informe de seguimento realizado no curso 2016-17, hai unha recomendación clara de adecuar o máximo posible as liñas de investigación ás seis áreas de especialización do Campus da Auga. Estamos camiñando nesa dirección, cun labor investigador que se enmarca directamente en tres desas áreas, e non ás tres restantes que son mais propias das ciencias experimentais. Axustámonos en boa medida ás áreas de: Innovación social e educativa, medio ambiente, TIC, Turismo-patrimonio cultural.

Tamén se nos recomendaba incrementar a mobilidade de estudantes e docentes. Ademais de facer un esforzo económico desde o orzamento asignado ao programa, aproveitáronse outras convocatorias de estadias de investigación, e algúns docentes tamén teñen realizado mobilidade con importantes efectos no desenvolvemento do programa de doutoramento, tanto para abrir redes de investigación con profesorado doutros países, como pola repercusión do traballo realizado na formación dos nosos e nosas estudantes. A información das bolsas de mobilidade enviouse a todo o alumnado por correo electrónico individualizado, pedindo aos titores/as que promovesen a presentación de candidaturas Bolsas de Mobilidade correspondente ao curso académico 2018-2019 cuxas bases poden consultan no seguinte enlace:

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convocatoria/public/show/291>

Entre o PDI destacamos en especial a estadia da profesora María Lameiras Fernández en centros de investigación de Norteamérica, acción que desembocou, entre outras realizacións, no nomeamento da doutora Jacquelyn C. Campbell, como Honoris Causa pola Universidade de Vigo.

Outra suxestión importante foi a de facer seguimento dos convenios asinados no marco do programa de doutoramento (EPD8).

A ESE Paula Frassinetti do Porto é unha das nosas portas abertas a investigadores/as portugueses/as, mantendo por tanto unha relación moi fluida, con visita de membros do programa á institución, e recibindo estadias de profesorado na nosa Facultade. Organizamos conxuntamente diversos eventos, nomeadamente os Congresos internacionais sobre "Educación Social e Escola" e "Fenda Dixital" entre outros eventos. As actas están nas respectivas web das institucións, e contaron en ambos casos co apoio científico da SIPS e do CEESG, douro colectivos cos que temos tamén convenio. Como exemplo: <https://sips-es.blogspot.com/2015/10/iv-congreso-internacional-fenda-dixital.html>
<http://www.eduso.net/res/winarcdoc.php?id=823>

Estamos promovendo convenios con outros centros de investigación estranxeiros, co ánimo de que faciliten as estadias dos nosos doutorandos e doutorandas, e mesmo para investigacións conxuntas.

A análise do criterio baséase en:

Evidencias:

EPD1: Memoria vixente

EPD2: Informes de verificación e, se procede, de modificación, seguimento e renovación da acreditación, incluíndo os plans de mellora

EPD3: Informe/Acta onde se recolla a análise do perfil real de ingreso/egreso

EPD4: Evidencias da realización das actividades formativas e sistemas de control realizados, de acordo coa planificación establecida

EPD5: Informe de avaliación anual da Comisión Académica (seguimento)/Documento de actividades de cada estudante, onde se indiquen as actividades realizadas por cada doutorando (acreditación)

EPD6: Informe de complementos de formación específicos

EPD7: No caso de programas interuniversitarios, evidencias de coordinación entre universidades participantes

EPD8: Convenios de colaboración en vigor

EPD9: Informes sobre actividades realizadas con institucións coas que o programa de doutoramento tivo colaboracións (con ou sen convenio)

EPD10: No seu caso, evidencias de participación do programa en redes internacionais

Indicadores:

IPD1: Número de prazas ofertadas

IPD2: Demanda

IPD3: Número de estudantes matriculados/as de novo ingreso (indicar o número de estudantes que proceden de programas de doutoramento en extinción)

IPD4: Número total de estudantes matriculados (no caso dos programas interuniversitarios, desagregado por universidade participante)

IPD5: Porcentaxe de estudantes de novo ingreso procedentes de estudos de máster doutras universidades

IPD6: Porcentaxe de estudantes estranxeiros (de fóra de España) sobre o total de matriculados

IPD7: Porcentaxe de estudantes de novo ingreso que requiren complementos formativos

IPD8: Porcentaxe de estudantes matriculados segundo a dedicación (tempo completo, tempo parcial e mixto)

IPD9: Porcentaxe de estudantes que realizan estancias de investigación autorizadas como tales pola Comisión Académica (diferenciar estudantes entrantes e saíntes)

IPD10: Porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade (diferenciar estudantes entrantes e saíntes)

IPD11: Porcentaxe de estudantes con bolsa ou contrato predoutoral (FPI, FPU, Xunta...)

IPD12: Porcentaxe de estudantes segundo perfil de ingreso

IPD13: Porcentaxe de estudantes segundo liña de investigación

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO PROGRAMA

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características e os resultados do programa de doutoramento e dos procesos de xestión que garanten a súa calidade.

2.1.- A institución publica información obxectiva, completa e actualizada sobre o programa de doutoramento, as súas características, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o programa é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do programa e as súas posteriores modificacións.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O programa de doutoramento en Ciencias da Educación e do Comportamento (EDUCOU) está enmarcado na Facultade de CC. da Educación e, a súa vez, intégrase na Escola Internacional de Doutoramento (EIDO); sendo divulgada no [Decreto 95/2013, del 13 de xuño](#) polo que se establece a configuración das escolas de doutoramento nas universidades do Sistema universitario de Galicia.

Para facilitar e comunicar aos grupos de interese as características, obxectivos e resultados do programa de doutoramento e dos procesos de xestión que garanten a súa calidade, así coma a difusión de outros contidos que garanten os mecanismos de visibilización da información. Para elo, utilízanse diferentes canles para ofrecer información obxectiva e actualizada. A xestión da información e a transparencia está amparada polo plan operativo de información pública institucional, recollendo a normativa de referencia, ámbito de aplicación, directrices, información principal, responsables, etc. Deste xeito se reflexa no:

- Regulamento de Transparencia e de Acceso á Información Pública, da Universidade de Vigo, aprobado na sesión do Consello de Goberno do 09/10/2017: <http://cort.as/-J5mb>
- Plan Operativo de Información Pública e Rendemento de Contas da Facultade de CC. da Educación (na que se encadra o programa de doutoramento): <http://cort.as/-J5ny>

Como é lóxico, na actualidade a publicación da información sobre o programa: características, desenvolvemento e resultados acadados realízase fundamentalmente a través de Internet. Neste sentido, nas web institucionais empregadas (EPD11) preséntase toda a información que precisan os grupos de interese. Difúndese o programa e o seu funcionamento, resultados de seguimento, etc. Cabe resaltar a exposición pública da Memoria de Verificación e os aspectos relativos a calidade do Título, así coma a análise e revisión levadas coas propostas de mellora (reflectidas no Informe de seguimento para incorporar pequenas modificacións que contribúan a optimizar o programa). Ofrécese información sobre os requisitos de acceso e admisión, para matrícula, acollida, servizos administrativos que xestionan o programa, etc.

Todo o referido anteriormente, permite garantir, ao logo do percorrido deste programa de doutoramento os diferentes grupos de interese, a oportunidade de informarse a través dun canle tan accesible como o ten sido Internet; así coma mediante o persoal dos servizos físicos de atención ao estudantado, que pon a disposición a UVigo e o coordinador do programa, de xeito moi directo e personalizado. Neste sentido cabe destacar as xuntanzas periódicas con presenza física que se realizan, tanto co alumnado coma co profesorado implicado no programa, así coma a comunicación vía email e telefónica. Por outra parte, hai que sinalar a difusión de información puntual que se realiza sobre o programa, promovida principalmente desde a coordinación a través de medios impresos: prensa local e autonómica, folletos, pósteres e trípticos. Esta divulgación é útil particularmente no período previo a pre-inscrición.

O correo electrónico é un medio moi empregado, principalmente, polo Coordinador Programa de Doutoramento, así coma polo profesorado e o persoal do servizo de Posgrao do campus para contactar e manter informado ao estudantado. O que xunto coa información facilitada nas web garante a axeitada difusión, tanto con posibles grupos de interese, coma fundamentalmente coas persoas xa implicadas no programa. De feito, neste sentido, temos coñecemento da boa satisfacción que manifesta, principalmente o alumnado, sobre a información pública difundida respecto aos diferentes aspectos relativos ao Título.

Para manter a actualización da información, tanto desde a web de EIDO, coma do programa EDUCOU realízanse periodicamente as correspondentes revisións; situándose principalmente no momento previo a apertura do prazo de pre-inscrición do alumnado no programa, así coma de xeito intermitente ao longo do curso, cando existen cambios que requiren realizar substitucións do contido en Internet, complementando ou engadindo novos contidos ou ofrecendo as novidades que xorden a comunidade universitaria e os grupos de interese. Toda a información publicada é coherente co contido da Memoria Verificada do programa e inclúe os cambios que se derivan do seguimento do Título e os relativos as melloras.

Polo referido faise unha valoración moi positiva respecto a información e transparencia ofrecida polo programa, xa que a institución conta con mecanismos para comunicar axeitadamente aos grupos de interese as características e os resultados do programa de doutoramento e dos procesos de xestión que garanten a súa calidade.

2.2.- A institución garante un fácil acceso á información relevante de programa de doutoramento a todos os grupos de interese.

Aspectos a valorar:

- Garántese un fácil acceso á información relevante do programa a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración

O programa de doutoramento en CC. da Educación e do Comportamento publica información suficiente e relevante, tanto a través da web da EIDO (<https://www.uvigo.gal/estudar/organizacion-academica/eido-escola-internacional-doutoramento>), coma do portal de transparencia da UVigo (<http://cort.as/-J5mb>), así coma da web propia do programa (<https://www.uvigo.gal/cursos/doutoramento-en-educacion/>) e da facultade de CC. da Educación (fundamentalmente re-direccionando a web do programa: <http://educacion-ou.webs.uvigo.es/educacion-ou/web/>). Nas

respectivas páxinas web o contido que se ofrece está actualizado e é suficientemente amplo para atender ás demandas dos posibles grupos de interese.

Como se adiantou, facilítase unha información ampla sobre o programa de Doutoramento en CC. da Educación e do Comportamento, tanto na web específica do programa, con datos máis concretos e específicos (<https://www.uvigo.gal/cursos/doutoramento-en-educacion/>), coma mediante a web da EIDO (<https://www.uvigo.gal/estudar/organizacion-academica/eido-escola-internacional-doutoramento>; <http://cort.as/-J5Lo>); así mesmo conta con canles de divulgación a través da web da Facultade de CC. da Educación (<http://educacion-ou.webs.uvigo.es/educacion-ou/web/>), web de grupos de investigación, asociacións de interese social e científico, etc. Cabe resaltar que para mellorar a divulgación da información a través da web do programa, no curso académico 2018-19 se deseñou unha nova web, que respecto a que se puxera en marcha en 2013 optimiza os seus compoñentes e adaptouse á nova imaxe institucional da UVigo; ademais posibilita unha.

- Máis áxil actualización e revisión dos contidos.
- Incorporación máis detallada dos resultados relativos a Calidade.
- Automatización do envorcado de información sobre bolsas e axudas dirixidas principalmente ao alumnado.
- Automatización da información do profesorado, bebendo doutras fontes primordialmente institucionais, no relativo ao seu CV, grupo de investigación, etc.

A web actual do programa deste doutoramento ademais de ser elaborada coa nova formato institucional da UVigo conta cunha estrutura de contido supervisada pola EIDO, para garantir un fácil acceso á información máis relevante.

Anterior mencionouse o Portal de la Transparencia da UVigo, que facilita ás persoas usuarias información de tipo xenérico e específico. No que respecta ao programa de doutoramento EDUCOU hai contidos que lle afectan colateralmente, mentres que outros o fan de xeito directo. Este portal permite o acceso a información de tipo: propiamente institucional; económica e orzamentaria; sobre o persoal docente e investigador; datos estatísticos e resultados do panel de indicadores (este é un dos apartados que ofrece información altamente relevante sobre os resultados do programa); Docencia; Responsabilidade social; *Rankings* e distincións; etc.

A estrutura das referidas web institucionais facilita a exposición da información a través de grandes bloques, que axuda a re-dirixir as consultas das persoas usuarias sobre o programa de doutoramento EDUCOU. Hai que resaltar que a súa interface posibilita aos grupos de interese o acceso a información de xeito moi intuitivo; a vez, están configuradas para que os respectivos grupos de interese poidan acceder, tanto desde un ordenador de mesa, como mediante dispositivos móbiles. De feito, na actualidade soe primar a consulta de contido dixital a través destes aparatos.

Sobre o programa de doutoramento en CC. da Educación e do Comportamento publícase información suficiente e relevante e dispónse de mecanismos necesarios e satisfactorios para informar obxectiva e adecuadamente aos grupos de interese (alumnado, profesorado, PAS, asociacións científicas, contexto social, etc.) das características, obxectivos, actividades, resultados do programa, accións de mellora, etc.

A actualización da web do programa de doutoramento EDUCOU está supervisada principalmente polo coordinador do programa de doutorado e un informático e, a súa vez, baixo a toma de decisións en órganos colexiados coma o da comisión académica e a comisión de calidade da EIDO. Hai que sinalar que, na web deste programa de doutoramento téñense en conta as directrices da ACSUG ofrecidas na "Guía para el seguimiento y la acreditación de los títulos oficiales de doctorado" (2018); e as súas entradas e enlaces web preséntanse na táboa seguinte.

Información mínima relevante a publicar (ACSUG, 2018)

Información pública específica	
CATEGORÍAS	DESCRICIÓN CON ENLACE WEB
Denominación do programa	Descrición do título

Centro e universidade responsable	
No caso de programas interuniversitarios, universidade coordinadora e universidade/s participante/s	Non procede
Obxectivos/competencias do programa	Competencias
Perfil de ingreso	Perfil de ingreso
Perfil de egreso	Perfil de egreso
Número de prazas de novo ingreso ofertadas	Descrición do título
Período e procedemento de matriculación	Calendario de matrícula
Requisitos de acceso e criterios de admisión	Requisitos de acceso e criterios de admisión
Procedemento e asignación de titor e director de tese	Supervisión de teses
Complementos de formación	Complementos de formación
Bolsas	Bolsas e axudas
Liñas de investigación	Liñas de investigación
Actividades formativas	Actividades formativas
Procedemento para a elaboración e avaliación do plan de investigación	Seguimento do doutorando
Normativa académica	Normativa e formularios
Duración dos estudos e permanencia	Descrición do título
Calendario académico	Non dispoñible na EIDO
Recursos de aprendizaxe: Espazos virtuais de comunicación; Laboratorios; Biblioteca; etc.	Recursos materiais e servizos
PDI do programa: Perfil académico e investigador, información de contacto,...	Profesorado
Programas de mobilidade: Obxectivos, Normativa xeral, bolsas,...	Mobilidade
Normativa e marco xeral sobre teses (avaliación, depósito, defensa, mención internacional ao programa, estrutura, etc.)	Defensa da tese
Teses defendidas nos últimos cursos académicos	
Principais saídas laborais (empresas, universidades e outras institucións) dos doutorados do programa	Saídas profesionais
Información pública relacionada cos datos e os indicadores	
Oferta de prazas	Resultados do programa
Demanda	
Estudantes matriculados de novo ingreso	
Número total de estudantes matriculados	
% de estudantes estranxeiros matriculados	
% de estudantes procedentes de estudos de máster doutras universidades	
% de estudantes matriculados a tempo parcial	
% de estudantes con bolsa ou contrato predoutoral (FPI, FPU, Xunta,...)	
Número de directores de tese defendidas	
Número de directores de tese con sexenios vivos	
Satisfacción dos doutorandos cos estudos	
Satisfacción dos directores de tese cos estudos	
Número de teses defendidas a tempo completo	
Número de teses defendidas a tempo parcial	
Duración media do programa de doutoramento a tempo completo	
Duración media do programa de doutoramento a tempo parcial	
% de abandono do programa	
% de teses coa cualificación de “cum laude”	
% de doutores con mención internacional	
% de estudantes do programa que realizaron estadias de investigación	
Taxa de emprego (% de egresados que traballan)	
Taxa de adecuación do posto de traballo aos estudos (posto de traballo acorde á formación de doutor/a)	
Información pública sobre o Sistema de garantía de calidade	
Comisión de calidade (EIDO)	Calidade na EIDO
Actas (EIDO)	
Política e obxectivos (EIDO)	
Manual (EIDO)	
Procedementos (EIDO)	
Comisión académica	
Seguimento de títulos e melloras da titulación	

2.3.- A institución fai público o SGC no que se enmarca o programa de doutoramento.

Aspectos a valorar:

- Garántese un fácil acceso á información relevante do SGC no que se enmarca o programa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A información relevante sobre o sistema de garantía de calidade (SGC) do programa vai estar organizada de xeito centralizado na web da EIDO, na ligazón:

<https://www.uvigo.gal/estudar/organizacion-academica/eido-escola-internacional-doutoramento>

Esta organización é o resultado dun proceso de redeseño da web institucional da Universidade de Vigo, que inclúe tamén un novo redeseño para a web da Eido.

Os contidos relacionados coa calidade na Eido, na dita web, están en fase de execución, de xeito que se combina información centralizada con información específica na web do programa. A estrutura centralizada conterá información acerca de:

- A documentación do SGC: o manual de calidade, que inclúe a política e os obxectivos de calidade, e os procedementos.
A día de hoxe pódese acceder ao manual de calidade (enviado á ACSUG para a súa aprobación) e ás propostas de procedementos xa elaboradas.
- A información relacionada cos programas de calidade que compoñen o ciclo de mellora do programa (VSMA: verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación).
- A documentación relacionada cos órganos responsables do SGIC (principalmente, as actas da comisión de calidade da EIDO e os seus acordos).
A día de hoxe pódese consultar a actas da Comisión de Calidade da EIDO.
- Outra información relacionada cos resultados do programa.
A Universidade de Vigo ten centralizada unha boa parte da información institucional no Portal de Transparencia, ao que se pode acceder directamente e en aberto desde a súa web principal, na ligazón <https://seix.uvigo.es/uv/web/transparencia/>. Este portal garante un fácil acceso á información específica dos resultados dos indicadores dos programas de calidade da titulación, dispoñible no Portal de Transparencia / UVigo en cifras, na ligazón <https://seix.uvigo.es/uv/web/transparencia/grupo/5>

O prazo previsto para terminar o desenvolvemento da web de calidade da Eido é o 3º trimestre de 2019 (os detalles desta actividade poden atoparse na acción de mellora que se xunta).

A análise do criterio baséase en:

Evidencias:

EPD11: Web da institución/programa

EPD12: Documentación derivada dos procesos do SGC sobre información pública, recollida de información e rendemento de contas (informes varios, plan operativo de información pública...)

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO PROGRAMA

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE: A institución dispón dun SGC formalmente establecido e implantado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua do programa de doutoramento.

3.1.- O SGC implantado facilita os procesos de deseño e aprobación do programa de doutoramento, o seu seguimento, as modificacións e a renovación da acreditación.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo dende o SGC permiten introducir modificacións para a mellora do programa.
- O seguimento das melloras do programa confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos propostos.

- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Deseño e desenvolvemento do SGC:

O sistema de garantía de calidade do programa enmárcase dentro do SGC da Escola Internacional de Doutoramento (Eido). O deseño deste sistema é centralizado e abarca todos os programas de doutoramento oficiais da Universidade de Vigo.

O deseño do SGC comezou a finais do ano 2016, con reunións entre as outras dúas universidades do SUG (USC e UdC) co obxecto de trazar liñas xerais comúns sobre a identificación e a organización dos procesos de funcionamento do ciclo de doutoramento, considerando as directrices do programa Fides-Audit e seguindo as recomendacións da ACSUG. Na Universidade de Vigo constituíuse un grupo de traballo arredor da Eido (dirección da Eido, secretario académico da Eido, Área de Calidade, xefe do Servizo de Estudos de Posgrao) que mantén reunións periódicas desde comezos de 2017 para desenvolver a estrutura e a documentación do SGC.

Froito deste traballo, constituíuse a Comisión de Calidade da Eido o 27.04.2017 (véxase abaixo para máis detalles) e desenvólvese a documentación dos procesos ao longo de 2017 e 2018 (véxase ficha de mellora correspondente ao criterio 3).

Unha primeira versión do Manual de Calidade da Eido (índice 00), que incluía a Política e os Obxectivos de Calidade, foi aprobada no Comité de Dirección da Eido o 18.07.2017. Este Manual incorpora, de xeito destacable:

- A presentación e estrutura académica e administrativa da Eido, de acordo co seu Regulamento de réxime interno (RRI),
- A estrutura organizativa e de responsabilidades institucionais e específicas da Eido sobre calidade (estas últimas están coordinadas no comité de dirección, dirección, comisión de calidade, coordinación de calidade e comisións académicas dos programas de doutoramento –CAPD–),
- O alcance, obxectivos xerais, directrices e marco legislativo e normativo do SGC,
- O mapa de procesos do SGC
- A política e os obxectivos de calidade

A fase de deseño do SGC rematou a finais de 2018. A Comisión de Calidade da Eido validou este deseño o día 14.12.2018 e o Comité de Dirección, máximo órgano de responsabilidade da Eido, aprobouno na súa sesión do 17.12.2018. Elaborouse unha segunda versión do Manual (índice 01), que mantén a estrutura mencionada e incorpora axustes relacionados cos procesos do SGC e coa actualización das competencias dos órganos de goberno (por mor da incorporación dun novo equipo de goberno da universidade no ano 2018)

A documentación completa do SGC (Manual de Calidade, procedementos e anexos) enviouse a ACSUG o día 20.12.2018 para ser avaliada. En estes momentos, comezos do mes de xuño de 2019, agardamos o informe provisional de deseño da ACSUG que permita realizar, se é caso, os últimos axustes necesarios.

Implantación do SGC:

O desenvolvemento deste procedementos está orientado a facilitar e garantir os procesos de deseño, implantación, mellora e renovación da acreditación dos programas de doutoramento asociados á Eido (o ciclo VSMA) de xeito que o obxectivo é garantir a dispoñibilidade do SGC no momento da renovación da acreditación dos programas.

Aínda que o deseño do SGC se desenvolveu ata finais do 2018, moitas das actividades descritas nos procedementos do SGC xa están en funcionamento desde fai varios anos, conforme o RD 99/2011. O seguimento piloto do 2017 e o seguimento do 2018 demostran que se levan a cabo estas actividades, que están dispoñíbles os rexistros e documentos asociados a elas e que se calculan e tratan os indicadores de resultados conforme a Guía de seguimento e acreditación da ACSUG.

Os resultados dos informes da ACSUG de avaliación da verificación dos programas e do seu seguimento permiten ir axustando e corrixindo o seu funcionamento, a través de plans de mellora, cara a súa renovación da acreditación e a satisfacción dos grupos de interese.

En todo caso, podemos afirmar que a implantación sistemática e efectiva deste SGC realizárase no curso 2019/20 e seguintes. As metas definidas na política e obxectivos de calidade marcan as liñas estratéxicas que dirixirán esta implantación, en coherencia co establecido nos procedementos.

Como avance, indícase que nos meses de abril e maio de 2019 leváronse a cabo accións formativas destinadas ao persoal de administración e servizos orientadas aos programas de calidade no ciclo de doutoramento.

Estrutura documental do SGC:

A estrutura do SGC de doutoramento dá resposta a dous niveis de esixencia: os procesos institucionais e os procesos específicos dos programas de doutoramento.

-Procesos institucionais: son aqueles cuxas responsabilidades, organización e actividades teñen, sobre todo, un carácter marcadamente institucional, isto é, a súa xestión depende sobre todo dos órganos de goberno institucionais ou centralizados (Consello de Goberno, vicerreitorías, servizos e unidades centralizados...).

O seu deseño lévase a cabo, (segundo as datas indicadas na ficha de mellora), a partir da experiencia e dos procesos certificados no modelo Fides-Audit para as facultades e escolas (titulacións de grao e mestrado) e coas adaptacións oportunas adaptadas ao ciclo de doutoramento.

-Procesos específicos dos PD: son aqueles cuxas responsabilidades, organización e actividades están máis asociados ao ciclo de doutoramento e á súa relación coa innovación e a investigación.

O mapa definitivo de procesos do SGC da Eido (véxase o Manual de calidade) identifica un total de 18 procesos:

Procesos institucionais (15 procesos):

Son os seguintes (coas denominacións definitivas):

- DE-01 Estratexia e DE-02 Revisión do SGC (procesos de Dirección estratéxica)
- MC-01 Xestión de queixas, suxestións e parabéns (procesos de Xestión da calidade e mellora continua)
- XP-01 Deseño e aprobación dos programas; XP-02 Seguimento, mellora e acreditación dos programas e XP-03 Suspensión e extinción dos programas (procesos de Xestión dos programas)
- FI-02 Xestión da mobilidade (procesos de formación dos investigadores/as)
- AC-01 Admisión e AC-02 Atención ao estudantado e orientación profesional (procesos de Xestión Académica)
- XD-01 Control dos documentos e XD-02 Control dos rexistros (procesos de Xestión documental)
- IP-01 Información pública e rendemento de contas (proceso de Información pública)
- PE-01 Xestión do persoal de apoio e PE-02 Xestión do persoal académico (procesos de Xestión do persoal)
- IA-01 Xestión dos recursos materiais e dos servizos (proceso de Xestión da infraestrutura).

Procesos específicos (3 procesos):

- MC-02 Medición da satisfacción (procesos de Xestión da calidade e mellora continua)
- FI-01 Aprendizaxe e avaliación dos doutorandos/as e FI-03 Autorización e defensa da tese (procesos de Formación dos investigadores/as)

A documentación completa do SGC (Manual de Calidade coa Política e Obxectivos de Calidade, os procedementos e os anexos) pode atoparse na ligazón:

<https://www.uvigo.gal/universidade/calidade/programas-calidade/docencia>

Comisión de Calidade da Eido:

A Comisión de Calidade da Eido constituíse o día 27.04.2017 coa estrutura prevista no Manual de Calidade. Tamén se nomeou o coordinador de calidade da Eido.

A Comisión de Calidade é un órgano clave nos procesos de calidade da Eido, e leva a cabo a funcións previstas no Manual de Calidade.

As actas da Comisión de Calidade poden atoparse na ligazón:

<https://www.uvigo.gal/estudar/organizacion-academica/eido-escola-internacional-doutoramento/calidade>

3.2.- O SGC implantado garante a recollida de información e dos resultados relevantes para a toma de decisións e a xestión eficiente do programa de doutoramento.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e utilízaos para a toma de decisións e a mellora da calidade do programa, desenvólvense de acordo ao establecido.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O deseño e o desenvolvemento do SGC do programa de doutoramento estase orientando para contar con mecanismos e procedementos que permitan:

-Establecer os resultados previstos para os programas (procedementos de *Deseño e aprobación dos programas* e de *Seguimento, mellora e acreditación dos programas*) a partir de datos históricos e/ou de estimacións futuras.

Este aspecto xa se está levando a cabo cada vez que se elabora unha nova memoria de verificación dun programa ou unha memoria verificada.

- Medir os resultados alcanzados polo programa, tanto en cada curso académico como na súa evolución, no que atinxe ao rendemento académico, satisfacción, cualificación do persoal, mobilidade, inserción laboral...(procedementos do proceso de *Formación dos/as investigadores/as, Medición da satisfacción, Xestión do persoal, Xestión de Queixas, Suxestións e Parabéns..*); analizar esta información e tomar accións de mellora (procedementos de *Seguimento, modificación e acreditación dos programas* e de *Revisión do sistema pola dirección*).

Estes indicadores xa inclúen datos sobre os resultados de satisfacción dos grupos de interese (estudantes, obtidos a partir das enquisas dos cursos 2015/16 e 2016/17; e profesorado, a partir da enquisa dos cursos 2012/13 a 2017/2018). A ficha de mellora correspondente ao criterio 3 (e tamén co criterio 6), relacionada coa recollida de opinión dos grupos de interese da Eido detalla o desenvolvemento deste aspecto.

Como se comentou, no seguimento dos programas de 2017, e logo tamén no do 2018, xa se elaboraron os informes de seguimento coa información e os resultados (evidencias e indicadores) que permiten tomar as decisións e mellorar a xestión do programa de doutoramento. Esta análise e toma de accións de mellora realízase ao nivel institucional (dirección da Eido, Comisión de Calidade da Eido...) e ao nivel do programa (CAPD).

-Publicar e difundir estes resultados para que estean dispoñibles e sexan accesibles, tanto para responsables do SGC do programa como para a sociedade en xeral.

A información pública dos resultados dos programas de doutoramento xa se pode atopar no Portal de transparencia da Universidade de Vigo desde o curso piloto 2017, con acceso a partir do vínculo

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/>

3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense plans de mellora para optimizalo.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- A implicación de todos os grupos de interese no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Revisión do SGC

O deseño e o desenvolvemento do SGC do programa de doutoramento conta con mecanismos e procedementos que permitan analizar e revisar o SGC periodicamente (procedemento de *Revisión do SGC*). Esa revisión, dirixida pola dirección da EIDO, contará cos grupos de interese determinados no Manual de Calidade (ex.: Comisión de Calidade) e no propio procedemento, e dará lugar aos plans de mellora que se consideren.

A primeira revisión pola dirección realizarase, en coherencia co desenvolvemento dos procedementos (véxase acción de mellora) despois de rematar o deseño destes e tras comezar a súa implantación.

Participación dos grupos de interese:

Como se comentou anteriormente, o proceso de deseño do SGC desenvólvese de xeito participativo no que están implicados:

- as persoas do grupo de traballo, que, ademais do persoal da EIDO, forman parte de diferentes servizos relacionados coa escola,
- os membros da comisión de calidade da EIDO, que representan os diversos colectivos relacionados co doutoramento,
- os membros do comité de dirección, que é o órgano colexiado de representación e de decisión da EIDO,
- os responsables de calidade dos programas de doutoramento.

Este proceso está regulado, ademais do establecido no Manual de Calidade, no procedemento de *Control dos documentos*.

A medida que os procedementos se vaian deseñando e implantando, irán xerando os rexistros de calidade ou evidencias (véxase procedemento de *Control dos rexistros*) que manifestarán o resultados do funcionamento dos procesos e da aplicación da política e dos obxectivos de calidade aprobados.

A análise do criterio baséase en:

Evidencias:

EPD13: Informes de avaliación do deseño do SGC

EPD14: Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)

EPD15: Actas das reunións celebradas, nos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado cos acordos adoptados en cada reunión)

EPD16: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas

formativos, garantía da aprendizaxe, ensino e avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos de información pública)

EPD17: Plans de seguimento e accións de mellora derivados da implantación do SGC

EPD18: Informe/documento onde se recolla a análise das enquisas de satisfacción (% participación, resultados e evolución...)

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS: O persoal docente e investigador (PDI) e de apoio é suficiente e idóneo, de acordo coas características do programa, o ámbito científico e o número de estudantes.

4.1.- O PDI reúne os requisitos esixidos para a súa participación no programa e acredita a súa experiencia investigadora.

Aspectos a valorar:

- O PDI que participa no programa conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) esixido para a impartición do mesmo e é acorde coas previsións incluídas na memoria verificada. Débese actualizar a información proporcionada no momento da verificación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Desde o momento da implantación do programa de doutoramento en "Ciencias da Educación e do Comportamento" tratouse en todo momento de que o cadro de persoal de PDI estivese integrada, en gran medida, por docentes con ampla experiencia investigadora e que contara cos méritos adecuados para o desenvolvemento das actividades de titorización de doutorandos e orientación de teses.

No momento actual o cadro de persoal (EPD19 e IPD15) está integrado por un total de 24 profesores/as doutores/as dos cales 20 (o 83%) contan con méritos suficientes (destes 14 teñen o sexenio activo e outros 6 teñen méritos equivalentes). É importante destacar, ademais, que estes 6 doutores non poden solicitar o sexenio a pesar de ter publicacións de alto impacto e currículos excelentes. As razóns son varias: pertencer a unha universidade portuguesa na que non está implantado o sistema de sexenios (3); ter unha figura contractual que non permite solicitar os sexenios (2); ou pertencer á Escola Universitaria de Enfermería de Ourense, centro adscrito á Universidade de Vigo pero con persoal dependente do Servizo Galego de Saúde (SERGAS).

De non concorrer ditas circunstancias o nivel de profesorado con sexenio activo superaría o 80%. En base aos datos anteriormente referidos, consideramos que o PDI que integra o persoal do programa de doutoramento conta coa cualificación esixida para a impartición do mesmo e é acorde coas previsións incluídas na memoria verificada.

4.2.- O PDI é suficiente e ten a dedicación necesaria para desenvolver as súas funcións de forma idónea, considerando o número de estudantes en cada liña de investigación e a natureza e características do programa de doutoramento.

Aspectos a valorar:

- O PDI é suficiente para desenvolver as funcións e atender todos os estudantes.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Tendo en consideración o número total de alumnado activo no programa (58 alumnos) e ou número de PDI (24), a ratio é de 2,42 alumnos/as por PDI (cun rango mínimo e máximo situado entre 1 e 5 alumnos/as por docente) un número perfectamente asumible e suficiente para a formación e dirección de teses. Ademais, cada ano a comisión Académica do programa de Doutoramento trata de axustar a oferta de prazas á dispoñibilidade do profesorado. Tal vez este sexa o momento de maior saturación dalgúns docentes, polo que o número de tese que se defendan no presente curso vai condicionar o número de prazas do próximo curso.

Tamén axuda a cumprir con este criterio, o feito de que dende a implantación do programa foi incorporándose novo PDI nas liñas de investigación máis sobrecargadas (catro na área de Psicoloxía da Educación, unha en sexualidade e saúde, dúas en psicoloxía da saúde e tres na liña de innovación e intervención socioeducativa). Desde a implantación do programa dous docentes causaron baixa por xubilación, que foron substituídos por PDI de Universidades Portuguesas e da Universidade de Vigo, entre aqueles candidatos con experiencia investigadora e méritos adecuados para ou desenvolvemento das actividades de tutorización de doutorandos e orientación de teses.

O cumprimento deste criterio vese corroborado cos datos de satisfacción do alumnado coas figuras do coordinador, titores, directores, profesorado e satisfacción xeral co programa; que aínda que é alta no alumnado de primeiro ano, con valores superiores a 4 (escala de 1 a 5), este valor é aínda máis elevado entre o alumnado que leva máis anos no programa, que eleva as súas puntuacións, acadando valores máximos (5 puntos) en cada unha destas catro figuras. Mostrando, ademais, un nivel de satisfacción co programa moi elevado, situado en torno ao 4.75, sempre nunha escala de 1 a 5.

4.3.- O programa de doutoramento conta con mecanismos de recoñecemento da labor de titorización e dirección de teses.

Aspectos a valorar:

- Os mecanismos de recoñecemento do labor de titorización e dirección de teses que a institución ten posto en marcha a través da correspondente normativa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No Plan de Organización Docente contéplase a dedicación do profesorado á impartición das actividades formativas, por un total de 70-100 horas, en función do número de alumnado matriculado. Así mesmo recoñécense horas de dedicación do coordinador e responsable do seguimento de calidade, variable tamén en función das horas de dedicación necesarias (ano de realización do seguimento, acreditación, reunións da Comisión Permanente da EIDO, (á que pertence o coordinador do programa) reunións da Comisión de Calidade da EIDO (á que pertence a profesora responsable de calidade do programa).

Segundo as normas de desgravación docente da Universidade de Vigo as teses computan unha vez defendidas, con 10 horas de recoñecemento por tese, durante un período de tres anos. Ademais, as teses contribúen á obtención de puntos de produción científica, o que supón un incentivo económico que o PDI pode reverter no seu labor docente e investigador.

4.4.- O grao de internacionalización do programa: a participación de expertos internacionais nas comisións de seguimento e tribunais de teses é axeitada segundo o ámbito científico do programa.

Aspectos a valorar:

- O grao de internacionalización do programa analizarase a partir de datos como o grao de participación de expertos internacionais nas comisións de seguimento e nos tribunais de teses. Valorarase o número de colaboracións e a estabilidade no tempo das ditas colaboracións.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Expertos doutras universidades españolas e doutros países participan en actividades formativas, en complementos de formación que realizan algúns estudantes, na dirección de teses, na titorización de estadias, nos tribunais e nos informes externos que se necesitan para a consideración de internacionalidade das teses.

No primeiro ano de implantación do programa (curso 2013-2014) elaboráronse tres teses, das cales dúas foron internacionais, o que supuxo incorporación de profesorado estranxeiro aos tribunais e á realización dos informes

favorables para a defensa das teses. Así mesmo estas dúas persoas foron titorizadas nas súas estadias en Coimbra e Porto, respectivamente.

Destaca tamén o número de investigadores que se incorporaron ao noso programa, pertencentes a universidades e centros de investigación portugueses: Dra Sandra Fernandes, Dr Paolo Moreira, Dr Nuno Rocha, Dr José Bernardino. Ademais deste profesorado incorporado ao programa, hai outras docentes dirixindo tese neste momento, (Dra Rita Santos, Dr M^a Joao Santos), o que fai un total de 6 Investigadores e investigadoras portugueses implicados directamente no programa de doutoramento.

4.5.- O persoal de apoio que participa no desenvolvemento do programa é suficiente e adecuado en función das características deste e do número de estudantes matriculados.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender o persoal docente e os estudantes do programa.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

El programa conta co persoal destinado a la EIDO no Campus de Vigo, co Servizo de Posgrao, e co persoal da Área Académica de Estudos de Máster e Doutoramento no campus de Ourense. O alumnado atendeuse en todas as súas xestións e resolucións de dúbidas, valorando altamente a dedicación do persoal de apoio.

De forma xeral, tal e como se evidencia nas taxas de satisfacción do alumnado matriculado no primeiro ano do programa como o matriculado no terceiro ano (ver IPD19) está altamente satisfeito sobre todo coa labor do persoal administrativo do centro da Facultade de Ciencias da Educación na que está localizado fisicamente o programa.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS: Os recursos materiais e os servizos postos a disposición para o desenvolvemento das actividades previstas son os axeitados, en función das características do programa de doutoramento, o ámbito científico e o número de doutorandos.

5.1.- Os recursos materiais dispoñibles son suficientes e axeitados en relación co número de doutorandos de cada liña de investigación e coa natureza e características do programa.

Aspectos a valorar:

- Os recursos materiais e outros medios dispoñibles (laboratorios, talleres, bibliotecas, acceso a fontes documentais, recursos informáticos, etc.) son adecuados en función do número de estudantes do programa.
- Cumprimento da previsión establecida na memoria verificada sobre a obtención de recursos externos e bolsas de viaxe que faciliten a asistencia a congresos e estadias no estranxeiro ou outras universidades.
- No seu caso, a universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do programa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración

Consideramos que os recursos materiais e servizos postos ao dispor do desenvolvemento do Programa de Doutoramento son adecuados, en tendencia cos recursos que, en xeral, dispón a Universidade de

Vigo. Podemos destacar que a Universidade de Vigo, ocupa a 7ª posición (dun total de 76 Universidades) na Clasificación de Universidades Españolas en software libre 5º edición (RuSL, 2016).

Instalacións e Espazos

Do contexto no que está enmarcado o Programa de Doutoramento de Ciencias da Educación e do Comportamento, a Facultade de Ciencias da Educación, destacamos que está situada no céntrico barrio das Lagoas. As súas instalacións atópanse distribuídas en 3 edificios: o denominado Edificio de Facultades, que é o principal, o Pavillón 1 e o Pavillón 2. En total suman máis de 17.000 m2 entre todas elas e están situadas en agradables espazos acristalados desde os que pode verse as árbores do Campus circundante.

No edificio de Facultades sitúanse, ademais do Vicerreitorado do Campus, o Persoal de Administración e Servizos (PAS) e as aulas onde se imparte a docencia das Facultades de Educación e de Historia.

No Pavillón 1 “Concepción Ramón Amat” atópanse despachos de profesores, unha sala de exposicións así como a sede de dous Departamentos.

O Pavillón 2 “Olga Gallego Domínguez” decídase exclusivamente a despachos de profesorado e salas de investigadores/as. Neste Pavillón 2, na súa segunda planta, no despacho número 19 está situada a Sala de investigadores/as do Programa de Ciencias da Educación e do Comportamento. Esta Sala conta con dous computadores de mesa con impresora multifunción e fotocopiadora, dous computadores portátiles, así como andeis e armarios para custodiar información. Ademais, a Sala de Investigadoras está dotada de materiais como folios, bolígrafos, fundas, cartafolios, etc. ao dispor do alumnado matriculado no Programa. Tamén se dispón de dous computadores de mesa que se facilitan as persoas que obteñen bolsa de investigación para as tarefas docentes e investigadoras.

A Facultade de Ciencias da Educación está dotada de múltiples servizos, propios e compartidos con outras Facultades, que contan con recursos materiais e tecnolóxicos acomodados aos fins que perseguen. Tanto no caso das instalacións como no dos servizos, cóidase a *accesibilidade* necesaria para unha inclusión efectiva de todas as persoas nesta Facultade: prazas de coche reservadas para persoas con mobilidade reducida, servizos hixiénicos adaptados, ou sinalizacións en Braille nos ascensores.

Cabe tamén mencionar os *convenios* do Programa de Doutoramento con Institucións e colectivos profesionais e científicos (Sociedade Iberoamericana de Pedagogía Social - SIPS, Colexio de Educadores e Educadoras Sociais de Galicia, Colexio oficial de Psicoloxía de Galicia, ESE Paula Frassinetti de Porto). Tamén existen *colaboracións habituais* con outras entidades que ceden gratuitamente as súas instalacións para a realización de actividades. Algunhas delas son: Concello de Allariz, Centro de Estudos Chamoso Lamas en Carballiño, Centro de Desenvolvemento Rural de Lodoselo, Centro Cultural da Deputación de Ourense, Liceo Recreo Ourense, Institucións colaboradoras de Ponche nas Ondas, Escolas, Institutos, centros de protección, centros de terceira idade, etc.; en todos eles que nos permiten realizar entrevistas e outras actividades formativas e investigadoras. Todas estas entidades colaboran sen mediar convenio, cedendo ao noso alumnado de doutoramento as súas instalacións para fins científicos, ben cando levan a cabo estancias ou cando se organizan os seminarios anuais de investigadores/ as. Así, no curso 2014/2015 levou a cabo o encontro de investigadores en colaboración con Chamoso Lamas en Carballiño; no curso 2015/16, ese encontro tivo lugar na Sede de Chamoso Lamas en Cabanelas; e en 2016/17, celebrouse no Museo do Xoguete de Allariz.

Os resultados das enquisas de satisfacción co Programa de Doutoramento de Ciencias da Educación e do Comportamento é positiva: o alumnado matriculado por primeira vez (1º) no Programa no curso 2017/18 outórgalle ao Programa unha puntuación media global de 3.6 sobre 5; o alumnado matriculado por terceira vez (3º) no Programa nese mesmo curso 2017/18 asígnalle unha valoración media de 4.21 (sobre 5).

Ao preguntarlles se “o programa dispón das *medios materias*, bibliográficos e de investigación necesarios para desenvolver satisfactoriamente a miña tese doutoral”, podemos afirmar que os resultados obtidos son positivos. Así, para o curso 2017/18, o alumnado de primeiro ano valora este indicador cun 3.88 e o alumnado de terceiro ano cun 4.5 (sobre 5).

Polo que respecta a “os *espazos de traballo* para os/as doutorandos/as (biblioteca, laboratorios, etc.)”, o alumnado considéraos adecuados. Para o curso 2017/18, o alumnado de 1º valóraos cun 3.86, mentres que o alumnado de 3º puntúaos cun 4.5 (sobre 5).

Como consecuencia dos dous indicadores anteriores, para o curso 2017/18 a valoración global do Bloque "Recursos" do Programa é positiva, tanto en 1º (3.87) como en 3º (4.5).

Recursos materiais e dixitais

A Facultade de Ciencias da Educación de Ourense, na que está situado o Programa de Ciencias da Educación e do Comportamento, dispón de recursos materiais e dixitais actualizados.

Nos últimos cursos académicos realizouse un esforzo para mellorar os compoñentes e renovar os equipos informáticos das aulas e os laboratorios específicos. Tamén se adquiriron recursos dixitais de última xeración para promover o uso de recursos didácticos innovadores na docencia e investigación universitaria. Así, o ano 2015, ademais do orzamento asignado para estes fins (19.477,59 euros), dedicouse case un 30% da dotación económica da Facultade (28.685 € dun total de 100.560,86 €) a mobiliario e equipamento. No ano 2016 o orzamento asignado para o equipamento dos laboratorios e aulas docentes foi de 18.991,04 €; do orzamento do centro dedicouse un 19.41% (25.000 euros). No ano 2017 dedicáronse 46.137,46 euros, 19.230,40€ do orzamento destinado a equipamento de aulas e laboratorios e 26.907,06 do orzamento do centro. Por último, no ano 2018, o orzamento para laboratorios foi de 20.191,92 €, e do orzamento da Facultade dedicáronse 28.600 euros. A Facultade tamén ofreceu un servizo de mantemento sistemático e xornal dos recursos informáticos existentes en aulas e laboratorios. Ao longo do pasado ano económico 2016, as cantidades dedicadas a estes obxectivos foron similares.

En xeral, os computadores que se retiran das aulas empréganse para dotar outros espazos da Facultade, como as salas de investigadores/ as. Ademais do computador con conexión a Internet, todas as aulas dispoñen de canón proxector e algunhas están equipadas con pantalla dixital.

Durante os últimos anos ampliáronse os puntos de conexión eléctrica nalgúns espazos de traballo, electrificáronse varias aulas e laboratorios. Nesta liña, durante o ano 2016 tamén se fixo un esforzo para mellorar o acceso á rede Wifi e mellorouse a cobertura no Edificio Facultades.

Así mesmo, existe en Conserxería un servizo de préstamo de computadores portátiles ao que pode acceder o alumnado matriculado no Programa (baixo a responsabilidade dun/a docente) para traballos puntuais ou durante fins de semana. Ademais, o alumnado dispón de dous portátiles máis para o seu uso na sala de Investigadores do programa ou nos espazos da Universidade. Así mesmo, o alumnado dispón tamén de catro gravadoras de audio e de vídeo a maiores para utilizar no seu traballo de Campo, ademais de gravadoras de audio e de vídeo e unha cámara de Fotos da Facultade.

Para finalizar, en relación aos *recursos externos e bolsas de viaxe* que faciliten asistencia a congresos e estancias, sinalar que, desde a posta en marcha do Programa de Doutoramento, todos os anos convocáronse 4 bolsas propias para a asistencia de cursos, congresos, etc. Tamén se convocan dúas bolsas para levar a cabo Estancias de investigación en universidades internacionais. Desde o primeiro ano, destináronse recursos do propio programa a este fin, podendo beneficiarse dúas investigadoras por ano das bolsas de estancias, e dúas das de congresos. Ademais, puideron beneficiarse doutras axudas a doutoranda que realizou a súa tese internacional, no curso 2016-17 (IPD18.7). As estadías por agora realizadas tiveron lugar en centros de investigación de Portugal, Alemaña e EE.UU. (IPD9)

O grao de satisfacción do estudiantado do Programa en relación ao "*coñecemento do sistema de bolsas/contratos* específicas para o alumnado de doutoramento na súa etapa de formación e mobilidade" é positivo: para o curso 2017/18, o alumnado de 1º asignoulle unha puntuación de 3.46, e o estudiantado de 3º deulle unha valoración de 5 (sobre 5).

5.2.- Os servizos de orientación académica responden ás necesidades do proceso de formación dos estudantes como investigadores.

Aspectos a valorar:

- Os servizos de orientación académica e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,..) postos a súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oríéntano no funcionamento da institución.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A Facultade de Ciencias da Educación, na que está adscrito o Programa de Ciencias da Educación e do Comportamento dispón de paneis informativos en pantalla de plasma na entrada do edificio de Facultades xunto ao servizo de conserxería, para informar ao alumnado dos eventos, actividades ou outra información relevante. Ademais, esta información tamén se divulga a través da páxina web do Programa no espazo de novidades

Outro canle de comunicación para a orientación do alumnado é sección de anuncios de FAITIC e as listas de correo da Facultade e especificamente do programa de doutoramento. A través deste listado de correo do Programa de doutoramento xestionase os anuncios e avisos importantes relativos ás actividades formativas, prazos de matrícula, prazos de avaliación de actividades e avaliación anual, avisos de conferencias, etc.

En relación ao Programa de acollida e de apoio ao alumnado de primeiro curso, desde a coordinación se lles envía un correo informando sobre as xornadas do programa de acollida. Ademais esta información tamén está na Web do Programa. Na primeira reunión o coordinador do Programa así como algúns/as directores/as fan a presentación do mesmo. Dando información xeral do Programa, a súa organización, planificación e desenvolvemento. Detállanse as actividades formativas, os procedementos de elaboración e aprobación dos compromisos de supervisión e dos plans de investigación, os seminarios e o encontro de investigadores/as anual.

Ademais informase detalladamente das bolsas propias do Programa para a asistencia a congresos, cursos, etc., as bolsas de estadías para investigación. Tamén se lle informa das bolsas predoutorais dos distintos organismos públicos (Ministerio, Xunta de Galicia, Universidade de Vigo).

Noutro aspecto que tamén se incide na primeira xornada de acollida ao alumnado de primeiro ano é a menção internacional das teses, así como os requisitos que require. Tamén se lle aporta información sobre as modalidades de presentación da súa tese que pode ser en formato libro (tradicional) ou por compendio de artigos (mínimo tres publicados en revistas JCR).

É importante destacar que para facilitar a información permanente ao alumnado, estableceuse un sistema de tutorización personalizado por parte dos membros da Comisión Académica do Programa de Doutoramento (CAPD) e demais profesorado pertencente ao cadro de persoal do programa, así como a accesibilidade a través do teléfono, o correo electrónico e outras ferramentas de comunicación. Así mesmo, a CAPD nomea para cada estudante nova un titor/a e asignáselle director/a(es/as) de tese.

En relación ao grado de satisfacción do alumnado matriculado por 3ª vez no programa no curso 2015/16, valora de forma favorable a información que se lle proporcionou en relación á menção internacional da tese (3.5 sobre 5), subindo a 4.50 no curso 2017-18.

En canto ao grao de satisfacción do alumnado de doutoramento de terceiro ano, en relación á información proporcionada sobre as modalidades de presentación da tese doutoral, é alta cunha puntuación de 3.5 (sobre 5), no curso 2015-16, e de 4-5 no 2017-18 superando a media dos programas de doutoramento da EIDO da Uvigo.

Servizos

Os servizos de atención ao/á estudante do Centro relacionados coas matriculacións, renovacións, certificados académicos, etc. postos ao seu dispor, consideramos que son apropiados. Todas estas cuestións son atendidas polo persoal da Área de Posgrao do Campus de Ourense e polo propio servizo da Escola Internacional do Programa de Doutoramento. Ademais o alumnado a través da páxina web da Escola Internacional del Programa de Doutoramento ou a través do expediente persoal de Secretaría virtual pode consultar estas cuestións. O final do período avaliado coincide con cambios estruturais na Relación de Postos de traballo, o que provocou un certo desconcerto no alumnado, e unas valoracións baixas nas enquisas de satisfacción. Ese debe ser un dos aspectos nos que afrontar melloras, que virán necesariamente pola adecuación do persoal aos seus novos postos e funcións.

Outros servizos específicos do Campus de Ourense que apoian ao alumnado do Programa serían:

En relación coa Biblioteca Rosalía de Castro do Campus de Ourense, desde a páxina web del Programa de Ciencias da Educación e do Comportamento hai un acceso directo; conta cos fondos bibliográficos e recursos documentais suficientes e actualizados para a Titulación. Un exemplo, si no buscador da biblioteca poñemos "educación social" aparécennos máis de 1400 entradas de publicacións a disposición do usuario/a. A maiores dispónse de todas as obras de áreas temáticas especializadas da Titulación. A

biblioteca conta cunha sección para “solicitar novas adquisicións” bibliográficas, ao servizo do alumnado e do profesorado. Ademais dispón de máis de 120 recursos electrónicos e bases de datos especializadas (Psyinfo, Scopus, Eric, [Journal Citation Report \(JCR\)](#), etc.). A biblioteca da Universidade pertence ao consorcio Bugalicia (<http://www.bugalicia.org/>) que recolle os servizos e os recursos-e comúns ás tres universidades galegas desde o ano 1999. Este servizo de xestión integra información científica de todos os ámbitos e permite o acceso a bases de datos, revistas electrónicas, artigos, *e-books*, xestores bibliográficos entre outros e organizan un curso específico para a formación metodolóxica do alumnado de doutoramento.

O Gabinete psicopedagógico, situado no andar soto do Edificio de Facultades, ofrece asesoramento multidisciplinar e integral nas áreas psicolóxica e psicopedagóxica co propósito de fortalecer a autonomía, a autoestima, o autoaprendizaxe e os valores fundamentais que propicien o equilibrio persoal e melloren a calidade de vida dos/as alumnos/as. Os servizos que presta o Gabinete a todo o alumnado son: 1) Asesoramento Académico; 2) Atención psicolóxica; 3) Servizo de fondo de documentación.

O Centro de Linguas (<http://cdl.uvigo.es/>) nace no ano 2004 para promover e desenvolver actividades de formación en linguas modernas, atendendo ás necesidades lingüísticas da comunidade universitaria e do seu entorno máis próximo. Logo destes 10 anos de experiencia, o CdL é hoxe un referente no ensino de linguas e na acreditación de nivel de idioma, ao estar certificados polas entidades de acreditación máis recoñecidas (Instituto Cervantes, ACLES, TOEFL, etc). Unha das liñas principais de actividade do Centro é a formación específica en linguas da comunidade universitaria, co fin de contribuír á calidade na docencia e investigación e á internacionalización da Universidade de Vigo. O noso alumnado interesado en Estadías de Investigación pode utilizar este servizo para facer cursos de idiomas e examinarse para conseguir as certificacións do idioma esixido na universidade de destino. Complementariamente o programa dedica unha parte do seu orzamento a revisión de tradución de artigos ao inglés para así garantir unha mellor avaliación e mais posibilidades de publicación. Ata o de agora todo o alumnado que publica en JCR ten solicitado a través das súas titoras esta revisión dos artigos.

Servizo de Deportes (<https://www.uvigo.gal/campus/deporte>): o programa de actividades do Área de Benestar, Saúde e Deportes contempla en cada curso académico a promoción de actividades físicas saudables, o deporte para todos/as e o exercicio como unha fonte de diversión e goce do tempo de lecer.

Servizo de Voluntariado: O alumnado pode optar entre un amplo abano de posibilidades para participar en proxectos de carácter solidario.

Outras actividades para o alumnado. O Campus de Ourense, ofrece ao alumnado a posibilidade de participar noutras actividades promovidas na Universidade de Vigo como o Teatro, a Danza, o Coro universitario, ou os obradoiros, por poñer algún exemplo da rica extensión universitaria.

Cando terminan os estudos ou tese doutoral, o alumnado conta, por exemplo, co programa Emprendemento (<http://vicou.uvigo.es/gl/servizos/emprendemento>) cuxo principal obxectivo é ofrecer apoio técnico preciso no proceso de maduración e posta en marcha dun proxecto empresarial. Todos os servizos do Campus pódense consultar na páxina web do Campus: <https://www.uvigo.gal/campus/ourense-campus-auga>

A análise do criterio baséase en:

Evidencias:

EPD22: Xustificación da suficiencia e a adecuación dos recursos materiais e servizos directamente relacionados co programa

Indicadores:

IPD13: Porcentaxe de estudantes segundo liña de investigación

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 6. RESULTADOS DO PROGRAMA FORMATIVO: Os resultados de aprendizaxe correspóndense co nivel 4 do MECES. Os resultados dos indicadores do programa do doutoramento son adecuados ás súas características e ao contexto socio-económico e investigador.

6.1.- Os estudantes, ao finalizar o proceso formativo, adquiriron as competencias previstas para o programa

Aspectos a valorar:

- As teses de doutoramento, as actividades formativas e a súa avaliación son coherentes co perfil de formación e co nivel 4 do MECES.
- As contribucións científicas derivadas da tese de doutoramento, tanto as previas á súa defensa como as realizadas posteriormente, poñen de manifesto a adquisición das competencias do programa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

As teses e as actividades formativas organizadas no marco do programa de doutoramento enmárcanse nas liñas de investigación propostas na Memoria de verificación do título, en coherencia por tanto co perfil formativo previsto e coas competencias establecidas.

Aínda que o obxectivo final do programa é a presentación da tese doutoral por parte de cada doutorando/a, durante o proceso preténdese “aprender o oficio de investigador/a”, que lle poda permitir dedicarse preferentemente a esta actividade no futuro, ou ben engadir calidade a outras actividades educativas realizadas, orientándoas de acordo coa idea de interacción teoría-práctica.

Nese proceso de aprendizaxe do oficio de investigar, a maior parte do alumnado participa de Congresos científicos, con aportacións orixinais, relacionadas coa liña de investigación elixida, e elabora capítulos ou artigos para publicar en libros ou revistas de contido educativo ou do ámbito das ciencias do comportamento.

Estas publicacións (EPD23), coa debida orientación dos titores/as e directores/as de tese, responden á adquisición de competencias establecidas no programa de doutoramento.

Nos indicadores (EPD24) aportamos unha táboa coas publicacións e outras aportacións científicas que os estudantes inclúen na súa memoria de actividades.

6.2.- Os resultados dos indicadores académicos do programa de doutoramento e a súa evolución son axeitados e coherentes coas previsións establecidas na memoria verificada

Aspectos a valorar:

- Valoración da estimación dos resultados previstos na memoria para o programa de doutoramento, analizando as diferentes taxas, as teses defendidas e as contribucións científicas derivadas das teses.
- Os resultados dos indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do programa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os resultados previstos na memoria en termos de participación do alumnado nas actividades do programa son satisfactorios, debido ao escaso índice de abandonos, (continúan matriculadas 58 persoas no programa -IPD4-, ao que se engaden as 6 teses defendidas -IPD18.1-, do total de 79 admitidas -IPD3- no conxunto dos cinco cursos avaliados), e a motivación dos que continúan para participar en todo o que se programa.

En cuanto á presentación de teses, os datos responden ao previsto, xa que foron defendidas seis, durante o período avaliado, 3 delas con mención internacional -IPD18.7- (e dúas mais no curso actual).

Polo de agora produciuse algunha baixa de alumnado da primeira promoción, por razóns persoais e laborais, pero os restantes, aínda compatibilizando con traballo, mantiveron certa continuidade, e está previsto que no vindeiro curso queden defendidas todas as que seguen activas, antes de esgotar os prazos. O obxectivo é inmediatamente reforzar o traballo da segunda promoción para seguir presentando teses dentro dos prazos.

Como temos sinalado, as teses derivaron en publicacións relevantes dos/as autores/as ou dos grupos de investigación no que se realizaron as investigacións. Igualmente remitimos á táboa (EPD23) anteriormente citada para corroborar os resultados.

As dificultades para a finalización de tódalas teses, así como para aumentar a produción científica derivada das mesmas, son elementos de reflexión para a mellora do programa, empezando por unha información clara aos candidatos e candidatas sobre o proceso, as dificultades, o tempo e as actividades que é necesario realizar, e continuando por mellorar a oferta de actividades formativas, os recursos humanos e materiais destinados ao programa, etc. (Xa temos ofertados seminarios sobre a elaboración de artigos científicos, e temos destinado parte do orzamento a revisións das traducións ao inglés)

6.3.- Os indicadores son adecuados ao perfil dos estudantes, de acordo co ámbito científico do programa

Aspectos a valorar:

- Analizar, á vista dos resultados obtidos polo programa no período avaliado, tendo en conta o perfil dos estudantes, as características do programa e o ámbito científico.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O programa, a xulgar pola satisfacción dos estudantes, o baixo índice de abandono, o número de teses lidas, a produción científica, móstrase como un dos máis consolidados no ámbito educativo, no que hai outros dous programas máis na Universidade de Vigo (a satisfacción do alumnado de primeiro ano no curso 2015-16, é de 4 sobre 5, e do terceiro ano de 4,4).

No conxunto das Ciencias Sociais, tamén se encontra entre os programas mellor considerados, estando moi claro o perfil dos/as estudantes, que son por unha parte estudantes con expedientes académicos de excelencia e que obteñen becas de investigación (IPD11), e por outro lado profesionais da educación, que buscan a especialización e a mellora da actividade práctica á que se dedican no campo da educación formal ou no socioeducativo.

6.4.- A satisfacción do estudiantado, do PDI, dos egresados e doutros grupos de interese é axeitada.

Aspectos a valorar:

- Análise dos indicadores de satisfacción de estudantes, PDI, egresados e outros grupos de interese.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do programa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A satisfacción do alumnado e os egresados/as é alta. A valoración global para os alumnos de primeiro ano foi 4,24 no curso 15/16, 3,45 no curso 16/17 e 3,76 no curso 17/18, destacando neste último ano a puntuación en obxectivos profesionais (cun 5), en oferta formativa (4,38) e en coordinador do PD (4,38), sendo o peor valorado o proceso de matrícula cun 2,88. A valoración global para os alumnos de terceiro ano foi 3,57 no curso 15/16, 4,09 no curso 16/17 e 4,21 no curso 17/18 (todos eles por riba da media da Universidade de Vigo), destacando neste último ano cunha puntuación de 5 en Bolsas/contratos, Coordinador do PD, Titor, Director da tese, Profesorado do PD, EIDO e Volvería a elixir o PD e cal é moi satisfactorio. Tódolos apartados estiveron por riba dun 3.

Tal e como pode observarse no indicador IPD19, cabe destacar que os doutorandos/as con máis anos no programa valoran con puntuacións máis altas o labor do titor/a o director e o programa.

Canto os resultados da enquisa do profesorado, dirixida a directores e titores de teses (histórico de 2012/13 a 2017/18), destaca unha satisfacción global de 4,05, sen que haxa valores por debaixo da media.

Por suposto que debemos ter en conta os aspectos pouco valorados destas valoracións, para detectar en que momento esa información é relevante para eles, e adiantarnos coa información e orientación. En todo caso, continúa a desenvolverse a acción de mellora que se xunta relacionada coa medición da satisfacción.

6.5.- A inserción laboral dos egresados é coherente co contexto socioeconómico e investigador do programa.

Aspectos a valorar:

- Análise da inserción laboral dos doutores/as tendo en conta os datos e estimacións que se incluíran na memoria verificada.

- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do programa.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do programa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A inserción laboral dos doutores e as doutoras formadas no Programa é satisfactoria, debido a que dous están contratados en universidades a tempo completo, outros dous a tempo parcial, e as restantes abren oportunidades noutros ámbitos educativos, debido ao interese e actualidade que teñen os temas abordados, pola preocupación de familias e docentes ante temas como as dificultades de aprendizaxe ou o acoso pola rede.

Para a mellora do programa temos en conta estes datos, dado que a saída na docencia universitaria e en investigación non acolle a tódolos titulados, polo que propomos temas de teses que teñan aplicación en outros ámbitos educativos, de maneira que podan beneficiar a inserción de egresados en outros niveis educativos e institucións de educación non formal.

A análise do criterio baséase en:

Evidencias:

EPD23: Táboa 4: Teses doutorais dirixidas no programa no período avaliado

EDP24: Táboa 5: Contribucións científicas relevantes desde a implantación do programa

Indicadores:

IPD18: Evolución dos indicadores de resultados do programa desde a implantación do título:

- Número de teses defendidas
- Porcentaxe de teses realizadas a tempo completo, a tempo parcial e con dedicación mixta
- Número de teses presentadas en galego, castelán ou outro idioma
- Duración media dos estudos a tempo completo/tempo parcial
- Taxa de éxito:
 - Porcentaxe de doutorandos que defenden a súa tese sen pedir prórroga
 - Porcentaxe de doutorandos que defenden a súa tese tras pedir a primeira prórroga
 - Porcentaxe de doutorandos que defenden a súa tese tras pedir a segunda prórroga
- Porcentaxe de teses con cualificación de *cum laude*
- Porcentaxe de teses con mención internacional

IPD19: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese (porcentaxe de participación, resultados e a súa evolución...)

IPD20: Datos relativos á empregabilidade dos doutorandos:

- Porcentaxe de egresados que están traballando
- Porcentaxe de egresados que están traballando en función do nivel de doutor
- Porcentaxe de doutorandos que conseguen axudas para contratos posdoutorais

3. MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDOS

MODIFICACIÓN	XUSTIFICACIÓN
Normativa de permanencia (aprobada polo Consello de Goberno na súa reunión do 20 de xuño de 2017)	Actualización da normativa de permanencia no Regulamento de Estudos de Doutoramento da Universidade de Vigo.
Normativa para a presentación e lectura de teses (aprobada polo Consello de Goberno na súa reunión do 20 de xuño de 2017)	Actualización da normativa para a presentación e lectura de teses de doutoramento no Regulamento de Estudos de Doutoramento da Universidade de Vigo.

4. PLAN DE MELLORAS**(Ver Anexo IV)**

ANEXO IV. PLAN DE MELLORAS (modelo de acción de mellora)

CRITERIO 1	
Denominación da proposta	Revisión das liñas de investigación
Punto débil detectado/Análise das causas	Concentración dos estudantes nun número reducido de liñas de investigación. Excesiva especificidade ou fragmentación das liñas.
Ámbito de aplicación	Programa de Doutoramento en Ciencias da Educación e do Comportamento
Responsable da súa aplicación	Coordinador e responsable de Calidade do programa
Obxectivos específicos	Reducir o número de liñas de investigación
Actuacións a desenvolver	Estudo da posibilidade de agrupación das liñas noutras máis amplas cara a unha posible modificación posterior do título cando sexa posible.
Período de execución	Curso 2017-18
Recursos/financiamento	N.A.
Responsable do seguimento e data	CAPD
Indicadores de execución	Número de estudantes por liña
Evidencias documentais e/ou rexistros que se presentan/presentarán para evidencias a súa implantación	Proposta de agrupación das liñas existentes para o proceso de seguimento ou posterior modificación do programa.
Observacións	
Revisión/Valoración	
Nivel de cumprimento (total ou parcial)	Parcial
Responsable da revisión e data	Coordinador de calidade da EIDO. Xuño 2019.
Resultados obtidos	Conseguíuse que tódalas liñas teñen alumnos/as matriculados/as
Grao de satisfacción	Baixo
Accións correctoras a desenvolver	Analizar a matrícula das liñas e proporcionar unha proposta de liñas agrupadas. Espérase ter finalizado no 2º trimestre de 2020

CRITERIO 4.1	
Denominación da proposta	Fomento da internacionalización do programa
Punto débil detectado/Análise das causas	Insuficiente participación de expertos internacionais nas actividades formativas do programa
Ámbito de aplicación	Programa de Doutoramento en Ciencias da Educación e do Comportamento
Responsable da súa aplicación	Coordinador e responsable de Calidade do programa
Obxectivos específicos	Aumentar o número de doutores internacionais en: - Dirección ou codirección - Actividades formativas
Actuacións a desenvolver	Elaborar propostas de actividades formativas en colaboración internacional
Período de execución	Curso 2017-18
Recursos/financiamento	Recursos asignados pola EIDO ao programa. Financiación propia da EIDO para mobilidade de estudantes. Convocatorias oficiais para mobilidade.
Responsable do seguimento e data	CAPD
Indicadores de execución	Porcentaxes de teses con Mención Internacional. Número de expertos internacionais en codirección de teses e impartición de actividades formativas
Evidencias documentais e/ou rexistros que se presentan/presentarán para evidencias a súa implantación	Proposta de actividades formativas en colaboración internacional. Documento estratéxico de fomento da internacionalización.
Observacións	
Revisión/Valoración	
Nivel de cumprimento (total ou parcial)	Parcial
Responsable da revisión e data	Coordinador de calidade da EIDO. Xuño 2019.
Resultados obtidos	Aumentouse o número de profesorado estranxeiro no programa, pasando de 1 profesor portugués a 5
Grao de satisfacción	Baixo
Accións correctoras a desenvolver	Aumentar as actividades formativas en colaboración internacional. Rematar o documento estratéxico de fomento da internacionalización. Espérase ter finalizado no 2º trimestre de 2020

CRITERIO 5.2	
Denominación da proposta	Mellora da orientación dos estudantes

Punto débil detectado/Análise das causas	Mellorable sistema de acollida e orientación dos estudantes. O sistema actual e xeral e non específico para o perfil dos estudantes do programa.
Ámbito de aplicación	Programa de Doutoramento en Ciencias da Educación e do Comportamento
Responsable da súa aplicación	Coordinador e responsable de Calidade do programa
Obxectivos específicos	Mellorar a satisfacción dos/as estudantes cos servizos de orientación.
Actuacións a desenvolver	Deseñar protocolos de acollida e orientación específicos para o perfil dos estudantes do programa.
Período de execución	Curso 2017-18
Recursos/financiamento	N.A.
Responsable do seguimento e data	CAPD
Indicadores de execución	
Evidencias documentais e/ou rexistros que se presentan/presentarán para evidencias a súa implantación	Proposta de acollida e orientación específicos para o perfil dos estudantes do programa.
Observacións	
Revisión/Valoración	
Nivel de cumprimento (total ou parcial)	Parcial
Responsable da revisión e data	Coordinador de calidade da EIDO. Xuño 2019.
Resultados obtidos	A todo o alumnado de primeiro curso envíaselle un correo electrónico informando sobre as xornadas de acollida. A información tamén está na nova páxina Web.
Grao de satisfacción	Alto (Cada alumno recibe a información de acollida relevante para él)
Accións correctoras a desenvolver	

CRITERIO 2.3	
Denominación da proposta	Desenvolver a estrutura de calidade da web da Eido
Punto débil detectado/Análise das causas	A web da Eido non dispón dunha estrutura onde se poida realizar un fácil acceso á información relevante do SGC
Ámbito de aplicación	SGC Eido
Responsable da súa aplicación	Dirección da Eido
Obxectivos específicos	

Actuacións a desenvolver	- Diseñar a estrutura de calidade da web - Implantar a estrutura de calidade - Cargar a información relevante dispoñible do SGC
Período de execución	3º trimestre de 2019
Recursos/financiamento	Colaboración da Área TIC
Responsable do seguimento e data	Comisión de Calidade da Eido
Indicadores de execución	-
Evidencias documentais e/ou rexistros que se presentan/presentarán para evidencias a súa implantación	Información dispoñible na web sobre o SGC
Observacións	
Revisión/Valoración	
Nivel de cumprimento (total ou parcial)	Parcial. A Universidade de Vigo puxo en marcha a nova Web institucional. No apartado da Eido xa aparecen case todos os contidos definitivos.
Responsable da revisión e data	Coordinador de Calidade da Eido Xuño de 2019
Resultados obtidos	Rematouse o deseño da páxina Web da Universidade de Vigo Está bastante desenvolvida a páxina Web da Eido https://www.uvigo.gal/estudar/organizacion-academica/eido-escola-internacional-doutoramento E dentro desta páxina, o apartado de calidade: https://www.uvigo.gal/estudar/organizacion-academica/eido-escola-internacional-doutoramento/calidade
Grao de satisfacción	Mediano
Accións correctoras a desenvolver	Falta corrixir algúns erros detectados e incluír as actas da Comisión de Calidade da Eido Espérase ter finalizado no 3º trimestre de 2019

CRITERIO 3	
Denominación da proposta	Desenvolver os procedementos do SGC da Eido
Punto débil detectado/Análise das causas	O SGC da Eido está en fase de deseño e desenvolvemento, polo que cómpre elaborar a documentación (procedementos) seguindo o mapa de procesos establecido no Manual de Calidade.
Ámbito de aplicación	SGC Eido
Responsable da súa aplicación	Dirección da Eido

Obxectivos específicos	
Actuacións a desenvolver	- Elaborar as propostas de procedementos - Validar as propostas na Comisión de Calidade - Aprobar as propostas no Comité de Dirección
Período de execución	4º trimestre de 2018
Recursos/financiamento	Grupo de traballo (persoal da Área de Calidade, Eido, Servizo de Posgrao e as persoas que, en función dos contidos de cada procedemento, se poidan incorporar)
Responsable do seguimento e data	Comisión de Calidade da Eido Xuño 2018
Indicadores de execución	-
Evidencias documentais e/ou rexistros que se presentan/presentarán para evidencias a súa implantación	Actas da Comisión de Calidade e do Comité de Dirección nas que reflectan a validación e aprobación dos procedementos de calidade.
Observacións	
Revisión/Valoración	
Nivel de cumprimento (total ou parcial)	Total (rematado) O SGC foi validado na Comisión de Calidade da Eido o 14.12.2018 e aprobado no Comité de Dirección o 17.12.2018
Responsable da revisión e data	Coordinador de Calidade da Eido Xuño de 2019
Resultados obtidos	Rematouse o deseño do 100% dos procesos de SGC. Desenvolveuse toda a estrutura documental (manual, procedementos e anexos) nos prazos programados. O proceso participativo deu lugar a propostas de mellora que se foron incorporando aos procedementos. A documentación do SGC está dispoñible na ligazón: https://www.uvigo.gal/universidade/calidade/programas-calidade/docencia
Grao de satisfacción	Alto (pendente do informe de avaliación da ACSUG)
Accións correctoras a desenvolver	--

CRITERIO 3		
Denominación proposta	da	DESEÑO DA MEDICIÓN DA SATISFACCIÓN DOS GRUPOS DE INTERESE DA EIDO

Punto detectado/Análise das causas	Dispor de mecanismos de recollida de opinión dos grupos de interese máis relevantes dos programas de doutoramento da Eido. A situación actual é a seguinte: 1 Estudantado: o curso 2015/16 xa se puxo en marcha a avaliación de satisfacción. A metodoloxía elixida foi a enquisa: unha para o estudantado de 1º ano e outra para o de 3º ano. Posto que ten unha frecuencia anual, realizarase de novo este curso. Este curso 2016/17 realizouse por segunda vez esta avaliación. 2 Outros grupos de interese relevantes (profesorado –direccións de teses, titores/as-, persoal de administración e titulados): non se dispón, polo de agora, de mecanismos para recoller sistematicamente a súa opinión. A comisión de calidade da Eido debe deseñar un programa de medición da satisfacción adaptado.
Ámbito de aplicación	Todos os PD adscritos á EIDO
Responsable da súa aplicación	Comisión de Calidade da EIDO
Obxectivos específicos	Dispor de resultados de satisfacción dos grupos de interese que permitan mellorar os programas de doutoramento
Actuacións a desenvolver	Deseñar e aprobar un programa de medición da satisfacción adaptado aos grupos de interese máis relevantes da Eido (previsto para a vindeira comisión de calidade) Implantar o programa
Período de execución	Curso 2017-18 e 2018/19
Recursos/financiamento	-
Responsable do seguimento e data	Coordinador de calidade da EIDO Xuño 2018
Indicadores de execución	-
Evidencias documentais e/ou rexistros que se presentan/presentarán para evidencias a súa implantación	Deseño do programa de medición da satisfacción Informes de resultados de avaliación da satisfacción
Observacións	
Revisión/Valoración	
Nivel de cumprimento (total ou parcial)	Parcial (en curso) Seguindo o Deseño da avaliación da satisfacción dos grupos de interese dos PD da Eido aprobada na Comisión de Calidade da Eido en febreiro de 2018, realizáronse: -enquisa a doutorandos/as: 2015/16, 2016/17 e 2017/18 -enquisa a profesorado (directores e titores de teses): período 2012/13 a 2017/2018 Están pendentes: -enquisa ao PAS relacionado con doutoramento: en curso (previsto para 1ºT 2019). Esta actividade está en retraso pois estase traballando coas outras universidades do SUG co obxecto de harmonizar o cuestionario de avaliación. -outros grupos de interese (entidades colaboradoras e empregadoras): sen programar, pendente de decisión da Comisión de Calidade.

Responsable da revisión e data	Coordinador de Calidade da Eido Xuño de 2019
Resultados obtidos	Leváronse a cabo os procesos de avaliación segundo o previsto (estudantado e profesorado), empregando a plataforma de enquisas LimeSurvey https://secretaria.uvigo.gal/enquisas/index.php/admin/authentication/sa/login Os cuestionarios, aprobados pola Comisión de Calidade da Eido, están dispoñibles en tres idiomas (galego, castelán, inglés). Existen resultados e indicadores de satisfacción para o estudantado e profesorado. Os datos están publicados no Portal de Transparencia da UVigo, na ligazón https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/28 Realizáronse as análises oportunas na Comisión de Calidade da Eido e nas CAPD.
Grao de satisfacción	Alto (os resultados son, en xeral, positivos e dan pistas para mellorar os procesos e os programas)
Accións correctoras a desenvolver	--